

IGREXA DE SAN XOÁN DE PIÑEIRA DE ARCOS

A arquitectura da igrexa é moderna de finais do XIX, concretamente de 1863, aínda que seguindo esquema rurais. Houbo unha antiga igrexa preexistente pero nos arquivos non constan datos dela significativos.

En 1487, Xoán de Nóvoa foi patrón da Igrexa. Naceu perto de 1450 en Maceda (Ourense) e morreu en 1509. Fidalgo galego vinculado a casa dos Nóvoa de Maceda. En 1480 coa presenza en Galicia da Santa Hermandade, Real Audiencia e gobernadores enviados polos Reis Católicos producíndose segundo Zurita a “doma e castración do Reino de Galiza”. Nesta mesma data de 1480 Xoán de Nóvoa marcha cara Lisboa na busca de aventuras trala decisión dos Reis Católicos de controlar Galicia, traizoando á nobreza galega coa que se vencellara contra os irmandiños. En Lisboa chegou a ser alcaide da cidade en 1496. Participou activamente nas expedicións militares e de exploración polo Atlántico coas portuguesas. Foi experto navegante da mariña portuguesa que destacou na conquista das Indias orientais e foi descubridor das illas da Concepción e Santa Helena.

As terras da Limia, comprendían un total de 25 xurisdicións. Por estamentos, a nobreza titulada controlaba o 81% da supuerficie e o 72% das freguesías. O Conde de Maceda controlaba 17 kilómetros cadrados na feligresía de Piñeira de Arcos. No sécuo XVIII non se sabe exactamente a cantidade á que ascenden os beneficios pagados á igrexa en décimos e primicias. No caso dos da Parroquia de Piñeira de Arcos arrendábanse en 9.000 reais vellón.

O templo moderno tiña adosado unha capela onde se veneraba a imaxe de Nosa Señora do Rosario, capela que se erixiu según as vontates testamentarias do Licenciado Pedro Marra, abade de Piñeira de Arcos.

A construción dunha nova igrexa surxe a mediados do XIX, cando se fai mención na documentación parroquial de 1855 o arquitecto Don Felipe Bouzas a quen se lle fai entrega de 329 reais pola construción do plano e presuposto dunha nova igrexa.

A licenza do novo edificio foi emitida polo bispo en Outubro de 1859. Neste mesmo ano comezaron as obras de cantería polo maestro canteiro Manuel Barreiro.

O resultado de todas as obras foi un edificio dunha nave rectangular que se prolonga nun presbiterio de maior altura. Séguelle a este último volume unha sacristía menos elevada. As paredes están levantadas a base de perpiaños de boa labra. Repartidas por todo o edificio, presenta varias fiestras longas e estreitas.

Da fachada interior, desapareceu o retablo en madeira de nogal. No seu interior destacan as imaxes de San Gonzalo de Amarante, que ademais de ser iconografía estraña é unha obra barroca de certa calidade.█

A fachada exterior preséntase enmarcada por dúas pilastras de escaso relieve. Na portada, as pilastras sosteñen un entaboamento que destaca por un friso con triflitos e metatopas sin decoración. Trátase dun van adintelado. Enriba da porta está unha cartela, fiestra e fornela que na actualidade non alberga imaxe alguna. No remate da fachada estaba proxectada unha espadaña de máis dun corpo pero só se chegou a levantar un corpo de dous arcos xemelgos con machóns apilastrados.

O osario polo exterior a mesma tamén se proxectou coa construción da igrexa.

Fontes:

- <http://www.altalimia.org/pdf/050058.pdf>